



**Tribunal do proceso selectivo convocado para a cobertura dunha praza de arquitecto/a superior, subgrupo A1, da escala de Administración especial, subescala técnica, pola quenda libre, dentro do proceso extraordinario de estabilización do emprego público (C.E. 9/22)**

## RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS AO PRIMEIRO EXERCICIO

O pasado 25 de setembro de 2024 publicouse o cadro das respostas correctas do cuestionario do primeiro exercicio. Concedeuse un prazo de cinco días hábiles para formular alegacións.

Presentáronse en tempo e prazo un total de cinco solicitudes de opositores e opositoras que afectan a cinco preguntas do cuestionario.

A continuación, dáse traslado do extracto da acta na que se recollen as deliberacións do tribunal fronte ás alegacións presentadas:

“O tribunal procede de seguido a resolver cada unha das alegacións pola orde na que as preguntas alegadas figuran no cuestionario do primeiro exercicio da proba selectiva.

### PREGUNTA NÚMERO 16:

O alegante considera que as respostas B, C e D son correctas e entón pide que se anule a pregunta.

A transcripción literal do artigo 185 do RDL 2/2004 non ofrece dúbidas:

*“Artigo 185. Competencias en materia de xestión de gastos.*

*1. Dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.*

*2. Corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigacións derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.*

*3. As facultades a que se refiren os apartados anteriores poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.*

*4. Nos organismos autónomos as facultades indicadas exerceranse nos termos expostos anteriormente, correspondendo aos órganos daqueles aos que os seus estatutos atribúan as ditas competencias”.*

Polo que se conclúe que a única resposta correcta é a D. En consecuencia, o tribunal acorda **DESESTIMAR** a citada alegación dado que a única resposta correcta é a D.



## PREGUNTA NÚMERO 70:

O alegante considera que as respostas B e C son correctas, aínda que recoñece na súa alegación que no caso da B faltan palabras polas que a redacción non é literal nin coincidente exactamente coa normativa citada. Polo que pide que se anule a pregunta.

O artigo 15 da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación di:

*“Artigo 15. Os subministradores de produtos.*

*1. Considéranse subministradores de produtos os fabricantes, almacenistas, importadores ou vendedores de produtos de construción.*

*2. Enténdese por produto de construción aquel que se fabrica para a súa incorporación permanente nunha obra incluíndo materiais, elementos semielaborados, compoñentes e obras ou parte das mesmas, tanto terminadas como en proceso de execución. (...)*

Para que a B fose correcta tería que aparecer da seguinte maneira no cuestionario: *“Son axentes da edificación todas as persoas, físicas ou xurídicas, que interveñen no proceso da edificación. As súas obrigacións virán determinadas polo disposto nesta lei e demais disposicións que sexan de aplicación e polo contrato que orixina a súa intervención”.*

En consecuencia, a única resposta correcta, que recolle a literalidade do artigo e da lei é a resposta C, a marcada como correcta polo tribunal. En consecuencia, o tribunal acorda **DESESTIMAR** a citada alegación, dado que a única resposta correcta é a C.

## PREGUNTA NÚMERO 81:

O alegante considera que as respostas A e B son idénticas e pide que se anule a pregunta.

Outro alegante considera que as respostas A e C poderían ser consideradas ambas correctas e incorrectas, segundo o caso. Solicita que se anule.

As respostas A, B e C son as seguintes:

*A Mediante unha zona no interior do edificio que supoña un percorrido de polo menos 6 m desde a entrada ao devandito edificio, coas condicións que se esixen para as zonas interiores húmidas.*

*B Mediante unha zona no interior do edificio que supoña un percorrido de polo menos 6 m desde a fachada exterior, coas condicións que se esixen para as zonas interiores húmidas.*

*C Mediante un itinerario que supoña un percorrido de polo menos 6 m desde a entrada en contacto co exterior deslizante, coas condicións que se esixen para as zonas interiores húmidas.*

Como pode apreciarse a A e a B son diferentes, e ningunha das tres respostas reproduce con exactitude o que di a normativa do enunciado. Polo tanto, o tribunal acorda **DESESTIMAR** as citadas alegacións, e manter a resposta D (*ningunha é correcta*) como a única válida, posto que as respostas A, B e C non respectan a literalidade do CTE DB SUA ao que se fai referencia no enunciado.



# Concello da Coruña

**PREGUNTA NÚMERO 82:** Detectouse durante a realización do exercicio que as respostas A e B son idénticas.

As cinco persoas alegantes consideran que as respostas A e B son correctas e solicitan ou ben que se dean por válidas as dúas ou que se anulen.

O tribunal acorda **ESTIMAR estas alegacións** e, en consecuencia, **ANULAR a pregunta 82**, que pasa a ser substituída pola pregunta de **RESERVA NÚMERO 1**, dado que as bases deste procedemento selectivo en canto ao primeiro exercicio establecen: *“Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test, nun tempo máximo de 120 minutos, de 100 preguntas, máis 10 preguntas de reserva, con catro alternativas de resposta, sendo só unha delas correcta, en relación ao contido total do temario anexo a esta convocatoria”*.

**PREGUNTA NÚMERO 85:** A pregunta di: “Segundo a Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, considéranse medidas contra a discriminación: (...)”.

A alegante di que a normativa citada no enunciado está derogada, polo que solicita que sexa anulada esa pregunta por non estar vixente a devandita lei.

Outro alegante considera que, “tendo en conta o establecido no RDL 1/2013, que refunde a lei indicada no enunciado, a resposta B, sen ser a redacción literal, conserva o sentido da definición de medidas contra a discriminación do artigo 65 como para dar por correcta a solución D”. Solicita que sexa anulada.

Visto que a norma está derogada, o tribunal acorda **ESTIMAR** a alegación e, en consecuencia, **ANULAR esta pregunta**, que pasa a ser substituída pola pregunta de **RESERVA NÚMERO 2**.

Á vista do anterior, o cadro de respostas correctas experimenta as seguintes variacións:

PREGUNTA	VARIACIÓNS
82	Anulada e substituída pola de reserva número 1
85	Anulada e substituída pola de reserva número 2

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

O secretario do tribunal